



XERA-Valor 2026

Axudas á valorización, 2ª transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde da industria forestal galega e do contract

IN500B

(Nota: esta presentación non ten vinculación legal sendo as bases da convocatorias aquelas que dispoñen de tal condición)



Características xerais de XERA-Valor 2026

- ❑ **Orzamento e réxime da convocatoria:** 4,5 M € (bianualización 2026-27), concorrencia competitiva, réxime de minimis¹.
- ❑ **Beneficiarias:** PEMEs (inc. persoas autónomas) do sector forestal e do contract radicadas en Galicia. Tamén serán beneficiarias:
 - * Liña 3: asociacións da cadea de valor da industria forestal madeira e pemes que presten servizos de transporte de mercadorías por estrada en Galicia, pemes que se dediquen á compra-venda de madeira en rolo, á realización de aproveitamentos forestais e as empresas de servizos de enxeñería e consultoría (exclusivamente no caso de investimentos vinculados á dixitalización da industria forestal e á rastrexabilidade dos produtos forestais).
 - * Liña 4: pemes que se dediquen á compra venda de madeira en rolo e á realización de aproveitamentos forestais.
 - * Liña 6: pemes de calquera sector que desenvolvan solucións ecoinnovativas en madeira.
- ❑ **Importe da axuda:** 50% dos gastos elixibles
 - * Liña 3: incrementárase ata o 70% cando a actuación consuma SW ou en proxectos de rastrexabilidade mediante FORTRA.
- ❑ **Axuda máxima por solicitante:** 60.000 €, de modo xeral, e 250.000 € no caso de que se subvencionen actuacións encadradas nas liñas 1 ou 2.
- ❑ **Prazo de xustificación:** ata o **31/08/2026** (anualidade 2026) e ata o **15/06/2027** (anualidade 2027).
- ❑ **Gastos xustificables:**
 - **1ª anualidade:** do **01/01/2026** ata o **31/08/2026**
 - **2ª anualidade:** do **01/01/2026** ata o **15/06/2027** Novo

¹ Regulamento (UE) 2023/2831: o importe máximo de axudas de minimis a unha única empresa non excederá de 300.000 € durante 3 exercicios fiscais



Investimentos subvencionables

As solicitantes poderán contemplar actuacións encadradas en múltiples liñas estratéxicas

▶ Liñas 1: Competitividade e valorización

- Compra de maquinaria nova vinculada aos procesos de transformación de produtos de orixe forestal non alimentarios, así como para os procesos de secado e doutros tratamentos e acabados da madeira.
- Obras e instalacións necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos subvencionados.

▶ Liña 2: Carpintería, mobiliario, contract e construción

- Compra de maquinaria nova vinculada ao deseño e fabricación de produtos de carpintería e mobiliario e de produtos e sistemas para a construción.
- Obras e instalacións necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos subvencionados.

▶ Liña 3: Dixitalización

- Dixitalización de procesos ou de xestión integral (ERP, CRM...) e sistemas para a xestión do ciclo de vida (PDM, PLM ou DMF).
- Implantación de sistemas de control / mellora de procesos.
- Automatización / sensorización.
- Sistemas de interconexión de elementos físicos e virtuais, *big data* e ciberseguridade, analítica avanzada, IA, intelixencia empresarial.
- Interfaces dixitais para interaccións comerciais clientes-provedores e sistemas de integración da vadea de valor horizontal e vertical.



Investimentos subvencionables

▶ Liñas 4: Certificacións, ensaios e informes

- Implantación e certificación da cadea de custodia de produtos forestais, de normativas de calidade e de xestión ambiental.
- Informes, servizos, bens, equipos, tecnoloxías e obras de acondicionamento necesarios para a obtención de certificados ou selos de calidade e medioambientais, marcas de garantía rexistradas, marcas colectivas rexistradas ou implantación do marcado CE de produtos de orixe forestal.
- Ensaos de caracterización de produto realizados conforme a normativa oficial por un laboratorio acreditado para a realización do ensaio.

▶ Liña 5: Seguridade e saúde no contorno laboral

- Servizos para a implantación e certificación do estándar ISO 45001 (xestión da seguridade e saúde no traballo -SST).
- Informe de estado dos establecementos relativo á PCI e medidas para a minimización do risco de orixe e propagación de incendios (executivas e operativas).

▶ Liña 6: Ecoinnovación

- Ecodeseño de produtos/materiais con madeira.
- Implantación de solucións de economía circular.
- Introducción de ferramentas para a análise de aspectos ambientais nas distintas fases do ciclo de vida.



Critérios de baremación (máx. 285 puntos) > declaración responsable

Puntos

Pertenza a asociacións, organizacións ou fundacións da industria forestal-madeira	20
Actividades formativas realizadas por persoas traballadoras dende o 01.01.2023 e cunha duración mínima de 20 horas (10 pts/actividade, máx. 3)	30
Muller que desempeña funcións de dirección ou xerencia	10
Xerencia desempeñada por persoa menor a 55 anos ou descendentes en activo	10
Plan de igualdade voluntario	10
Industria establecidas na zona demarcada polo nematodo do piñeiro	20
Investimento en tecnoloxías para a realización de tratamentos térmicos da madeira	30
Investimento en liña de serrado con capacidade de transformación > 20.000 m ³ de madeira en rolo /ano	30
Certificado de cadea de custodia (10 pts/sistema, máx. 2)	20
Certificado de sistema de xestión da calidade ou sistema de xestión ambiental	10
Marcado CE para algún dos produtos	30
Marca de garantía "Pino de Galicia"	10
Rastrexabilidade dos produtos mediante FORTRA	30
Certificado ISO 45001 (xestión da seguridade e saúde no traballo -SST)	10
Concello emprendedor	15



Reserva de crédito

▶ **Crédito orzamentario:** 4,5 M€ por importe de 469.912,00 € (10%) no ano 2026 e de 4.030.088,00 € (90%) no ano 2027.

▶ **Distribución inicial de crédito**

- Liña 1: 1.750.000,00 €.
- Liña 2: 1.750.000,00 €.
- Liña 3: 275.000,00 €.
- Liña 4: 150.000,00 €.
- Liña 5: 425.000,00 €.
- Liña 6: 150.000,00 €.

No caso de que, unha vez priorizados os expedientes solicitados, non se consuma a totalidade do importe establecido para as distintas liñas, os importes sobrantes pasarán ás demais de modo proporcional ao déficit de crédito por liña.

Lista de agarda

No caso de que existan solicitudes admitidas que non obtivesen subvención por esgotamento do crédito previsto, constituirán unha lista de agarda que poderá activarse de liberarse crédito por renuncias de beneficiarias.



DOG

Bases e convocatoria >> [acceso](#)

DOG nº 30, 13 de febreiro de 2026



Máis información



xera.cei@xunta.gal



[@XERAAxenciadaindustriaforestal](#)



www.xera.xunta.gal



[@XERAindustriaforestal](#)



[@xera.xunta](#)



Presentación de solicitudes en sede electrónica do 14/02/2026 ata o 13/03/2026 >> [acceso](#)



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

Xacobeo  2027